BOAS PRÁCTICAS
para os establecementos de hostalería no marco do proxecto Compostela, territorio das mulleres

WOMEN'S TERRAIN
COMPOSTELA,
TERRITORIO DAS MULLERES

CONCELLO DE SANTIAGO
CONCELLARÍA DE IGUALDADE

ESPAZO ACCESIBLE, INTEGRADOR, SEGURO E AGRADABLE PARA AS MULLERES

- Adaptar os espazos á normativa aplicable en materia de accesibilidade.
- Adoptar unha actitude amigable coas mulleres lactantes.
- Dotar o equipamento dun aseo mixto con cambiador ou colocalo tanto no aseo de mulleres como no de homes.
- Ofertar un servizo de coidado de crianzas.
- Lugares de paso e aseos ben iluminados.
- Proverse de *kits* de hixiene íntima, preservativos etc.

LINGUAXE INCLUSIVA

- Usar linguaxe inclusiva tanto nos documentos de xestión, como nos de promoción: na web, a carta de menús, etc.
- Promover que as persoas traballadoras empreguen linguaxe inclusiva no desenvolvemento das súas funcións.

DEREITOS LABORAIS EN IGUALDADE

- Animar e fomentar a promoción laboral das mulleres.
- Poñer en valor o traballo das mulleres.
- Facilitar medidas de conciliación.

VIOLENCIA DE XÉNERO

- Promover o estabelecemento como lugar libre de violencia.
- Establecer un protocolo de actuación ante casos de violencia de xénero: coas Forzas e Corpos de Seguridade.
- Establecer un protocolo de actuación ante casos de acoso laboral por razón de sexo ou de acoso sexual.

DIVERSIDADE SEXUAL

- Respectar, e defender, a diversidade sexual.
- Programar actividades (tertulias, etc...) sobre a diversidade LGTB.

MATERIAIS DO PROXECTO

- Colocar os materiais do proxecto Compostela, territorio das mulleres nun lugar visible e accesible para o público.
- Coñecer, promover e difundir 'Compostela, territorio das mulleres'.

LIBRO DE VISITAS

- Poñer a disposición das persoas usuarias o Libro de Visitas sobre 'Compostela, territorio das mulleres' que sirva tanto para recoller as experiencias das usuarias, como para recoller datos e coñecementos que podan ser de interés para o proxecto.

BANCO DE BOAS PRÁCTICAS

- Prestar atención ás propostas e boas prácticas para desenvolver no establecemento, tendo en conta as características e posibilidades do equipamento.
- Achegar novas propostas.

ALGUNHAS POSIBLES ACCIÓNS

- Empregar nomes de mulleres nos menús do almorzo, xantar ou cea.
- Nomear os cuartos en feminino.
- Proverse de saquiños de azucre para o café con frases, imaxes ou biografías de mulleres.
- Destinar un espazo para literatura e publicacións de mulleres.
- Subscribirse a revistas feministas.
- Organizar actividades culturais que promovan a creación de mulleres ou a recuperación da súa memoria histórica no equipamento: charlas, exposicións, concertos, feiras...
- Organizar eventos que promovan o empoderamento das mulleres en xeral e, en particular, das mulleres en sectores específicos da gastronomía: catas, panadeiras, cociñeiras, intercambio de experiencias con outros establecementos etc.